

## Prazas de atención preferente 2024

### 158 prazas ofertadas: o efecto de non dotar os centros de máis PT e AL definitivos

A convocatoria de prazas de atención preferente deste ano reafirma a denuncia da CIG-Ensino sobre os problemas para atender como se merecen as necesidades educativas do noso alumnado. O que precisa o sistema educativo é un incremento das prazas de PT e AL así como de Orientación educativa en todos os centros.

Hai 158 prazas, moitas máis que as 87 do ano 2022 e mesmo que as 112 do 2021. Toda unha evidencia.

**O 52 % das prazas (83) que figuran na convocatoria non teñen requisito de formación específico.** Son, por tanto, esas prazas de PT e AL que, por se negar a aumentar con carácter definitivo nos centros, se teñen que dotar por esta vía para garantir unha certa continuidade co alumnado. Son, como temos dito, un **parche para disimilar as carencias da atención educativa.**

### A CIG-Ensino reclama máis de 30 novas prazas

Tendo en conta o traballo realizado polo sindicato, contactando con centros educativos desde que se nos enviou o borrador, **a CIG-Ensino recolle 33 novas prazas que nos trasladaron os centros**, todas elas comunicadas á Inspección e suficientemente xustificadas. Son as que figuran no cadro anexo e foron enviadas hoxe mesmo á Consellaría coas indicacións que recolleemos dos

A  
presentación de  
instancias será só  
por sede  
electrónica

centros. Tamén comunicamos 5 solicitudes de cambios de perfil das prazas e 1 erro nun concello dun centro. A Consellaría tiña coñecemento dalgúns destes erros e tomou nota dos demais. Tamén comunicou outros cambios que figurarán na relación final e que lle trasladaron desde as Xefaturas Territoriais.

O sindicato demandou de prazo até finais de semana por se recibiamos algunha solicitude a maiores. En todo caso, os centros teñen que facerlle chegar a solicitude á inspección se non o fixeron xa.

Demandamos da Consellaría que se xustifique con detalle os motivos polos que se poida denegar algunha das prazas que demandamos.

Ademais das prazas solicitadas na táboa anexa solicitamos que se modificara o perfil nas seguintes prazas: CEIP Portofaro, CEIP Ramón de la Salgra, CEIP San Xosé Obreiro, CEIP Santiago Apóstolo, CEIP A Fraga e IES Leiras Pulpeiro.

PROVINCIA	CENTROS	PRAZAS
<b>Prazas de nova incorporación</b>		
A CORUÑA	CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ (CAMBRE)	1 PT
A CORUÑA	CEIP ISAAC DÍAZ PARDO (CULLEREDO)	1 AL
A CORUÑA	IES MENÉNDEZ PIDAL (A CORUÑA)	1 AL
A CORUÑA	CEIP TEIXEIRO (CURTIS)	1 PT
A CORUÑA	CEIP OS CASAIS (FENE)	1 PT
A CORUÑA	CEIP A BAROUTA (AMES)	1 PT e 1 AL
A CORUÑA	CEIP RAMÓN OTERO PEDRAYO (A LARACHA) ,	1 PT afín AL
A CORUÑA	CEIP PEDROUZOS (BRIÓN)	1 PT
A CORUÑA	CEIP MESTRE PASTOR BARRAL	1 PT
A CORUÑA	CEIP DE ESCARABOTE (BOIRO)	1 PT
A CORUÑA	CEIP DE CAION (A LARACHA)	1 PT afín AL (SAAC)
LUGO	CEIP ILLA VERDE (LUGO)	1 PT afín AL
LUGO	CEIP DE MONTERROSO	1 AL
LUGO	CEIP DE ALBEIROS (LUGO)	1 PT
LUGO	CEIP FONDO NOIS (FOZ)	1 PT
LUGO	CEIP ROSALÍA DE CASTRO (LUGO)	1 PT afín AL
LUGO	CEIP PARADAI (LUGO)	2 AL
LUGO	CEIP N° 1 DE FOZ (FOZ)	1 AL
LUGO	IES LUCUS AUGUSTI	1 PT
OURENSE	CEIP NOSA SEÑORA DE XUVENCOS (BOBORÁS)	1 PT (TEACCH)
OURENSE	CPI JOSÉ GARCÍA GARCÍA (OURENSE)	1 PT e 1 AL
OURENSE	CPI VIRXE DA SALETA (SAN CRISTOVO DE CEA)	1 PT
OURENSE	CEIP ALBINO NÚÑEZ (OURENSE)	1 AL afín PT (TEACCH e GRID3)
PONTEVEDRA	CEIP SAN TOMÉ (CAMBADOS)	1 AL
PONTEVEDRA	CEIP VILAXOÁN (VILANOVA DE AROUSA)	1 PT e 1 AL
PONTEVEDRA	CEIP NOSA SEÑORA DOS REMEDIOS. (PONTEAREAS)	1 AL
PONTEVEDRA	CEIP REBOREDA. (REDONDELA)	1 PT
PONTEVEDRA	CEIP CARBALLAL-CABRAL (VIGO)	1 PT, 1 AL
PONTEVEDRA	CEIP PARAIXAL (VIGO)	1 PT
PONTEVEDRA	CEIP LOPE DE VEGA (VIGO)	1 AL
PONTEVEDRA	CEIP IGREXA- CHAPELA (REDONDELA)	1 AL
PONTEVEDRA	CEIP PETELOS (VIGO)	1 PT e 1 AL
PONTEVEDRA	EEI RÚA DE ARAGÓN	1 AL
PONTEVEDRA	CEIP DA CRUZ-BUDIÑO (PORRIÑO)	1 PT
PONTEVEDRA	CEIP SAN MARTIÑO (PONTEVEDRA)	1 PT afín AL
PONTEVEDRA	CEIP MONDARIZ BALENARIO	1 PT (SAAC)
PONTEVEDRA	IES ALFONSO RÍOS	1 PT afín AL
PONTEVEDRA	CEIP OUTEIRO DAS PENAS	1 PT e 1 AL
PONTEVEDRA	CRA MARÍA ZAMBRANO	1 PT e 1 AL
<b>Prazas nas que o titular non renovou</b>		
LUGO	CEIP DE LAGOSTELLE (GUITIRIZ)	1 AL

## Determinación das prazas a ofertar: unificar criterios e mellorar a información

---

Ten que mellorar o sistema de información e comunicación cos centros: as direccións e as xefaturas de orientación teñen que coñecer con suficiente antelación que se vai abrir esta convocatoria para que poidan formular solicitudes e achegar os informes pertinentes. Debe ter se conta o perfil das prazas que solicitan os centros.

Deben existir instrucións homoxéneas da Inspección Educativa nas catro provincias sobre os criterios para dotar estas prazas ou para incrementar o catálogo definitivo. Cada inspección fai o que lle peta.

## Profesorado interino e na fase de prácticas

---

Reclamamos que poida participar todo o profesorado, tamén o interino, renovando cada curso sempre que lle corresponda traballar pola orde na lista. **Non o aceptan.**

O profesorado en prácticas debería poder participar coa puntuación que lle corresponda polo baremo e non con cero puntos. **Non o aceptan.**

## Propostas da CIG-Ensino

---

- Aumentar o prazo de reclamacións ou renuncias de 3 a 5 días hábiles. **Acéptano.**
- O prazo de 5 días após a publicación da resolución definitiva do CXT na web para solicitar a prórroga na praza obtida é moi limitado. Propomos que sexa de 10 días hábiles. **Non o aceptan.**
- As persoas que teñan o seu expediente actualizado non necesitan presentar nada para xustificar os méritos que aleguen, como figura na base 5. A disposición adicional 4ª, no que se refire ao título alegado para acceder ao corpo, leva a confusión, porque di que se deberá presentar, o que non é preciso se obra en poder da Consellaría por figurar no expediente. **Deixan claro que non é preciso presentalo e mirarán de mellorar a redacción.**

## Baremo

---

Como xa se comprometeu en temas tratados previamente na Mesa de hoxe, a Consellaría traerá á Mesa unha proposta de baremo unificado para todas as convocatorias de postos vinculados a concursos de méritos.

## OS NOSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
[santiago@cig-ensino.gal](mailto:santiago@cig-ensino.gal)

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
[acorunha@cig-ensino.gal](mailto:acorunha@cig-ensino.gal)

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
[baixomiño@cig-ensino.gal](mailto:baixomiño@cig-ensino.gal)

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
[morrazo@cig-ensino.gal](mailto:morrazo@cig-ensino.gal)

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
[ferrol@cig-ensino.gal](mailto:ferrol@cig-ensino.gal)

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, 2º Andar  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891  
[lugo@cig-ensino.gal](mailto:lugo@cig-ensino.gal)

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
[ourense@cig-ensino.gal](mailto:ourense@cig-ensino.gal)

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
[pontevedra@cig-ensino.gal](mailto:pontevedra@cig-ensino.gal)

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
[amarinha@cig-ensino.gal](mailto:amarinha@cig-ensino.gal)

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
[verin@cig-ensino.gal](mailto:verin@cig-ensino.gal)

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
[vigo@cig-ensino.gal](mailto:vigo@cig-ensino.gal)

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
[salnes@cig-ensino.gal](mailto:salnes@cig-ensino.gal)